

VAN GOGH

Maurice Pialat, 1991

1591

ESTREA EN NUMAX: 12.09.2025 | V.O.S.E. | 168 min

Tras estar internado no manicomio, Vincent Van Gogh instálase en Auvers-sur-Oise, en casa do doutor Gachet, un afeccionado á arte. Os últimos días do pintor están marcados polas súas conflitivas relacións co seu irmán Theo e pola súa inestable saúde mental.



A esencia da realidade

Por Jorge García

Unha caracterización apresurada da filmografía de Pialat tendeu a identificar os seus mecanismos narrativos cos propostos polo chamado cinema verité, pero a simple visión das súas películas destrúe rapidamente esa afirmación. Estamos ante un director que constrúe as súas ficcións cun rigor case documental na procura obsesiva da verdade dentro de cada plano. Inimigo dos guións preparados de antemán, os seus filmes vanse estruturando sobre a marcha cunha ampla marxe de improvisación, recorrendo a planos longos –en moitos casos rodados en tomas únicas– nos que adquieren un rol preponderante a montaxe dentro do cadro e a intensidade do traballo dos actores, moitas veces non profesionais. Aínda que nas súas películas non escasean as referencias autobiográficas, a obxectividade e o distanciamento con que están presentadas as distintas historias, o seu ton seco e austero, non exento de ambigüidade, a súa aparente impasibilidade ante os feitos narrados, que encerra toda unha postura moral e a absoluta ausencia de sentimentalismo convértenos en lúcidas crónicas que exceden amplamente o plano persoal para transformarse en descarnadas reflexións sobre aquilo que chamamos realidade.

Na súa obra poden detectarse ecos doutros realizadores (Bresson polo ascetismo da posta en escena, aínda que sen as súas resonancias místicas e relixiosas; Cassavetes, pola maneira de aproximarse aos personaxes, pero sen a tendencia ao psicodrama), aínda que é talvez Roberto Rossellini o director máis afín á obra de Pialat na súa utilización do tempo real de cada escena como unha maneira de descubrir a auténtica esencia da realidade e a súa verdade máis profunda.

As características sinaladas poden apreciarse na crúa descrición da vida cotiá dun neno que, abandonado pola súa nai, comeza precozmente a relacionarse coa delincuencia (*A infancia espida*); no progresivo deterioro dunha relación de parella sostida traballosamente ao longo dos anos (*Nós non envellecemos xuntos*); na maneira que afecta a un home e o seu pequeno fillo a lenta agonía da súa esposa que padece unha enfermidade terminal (*A boca aberta*); nos conflitos dun grupo de adolescentes (*Aproba primeiro*); na mirada pesimista sobre a Francia dos anos posteriores ao Maio de 1968 (*Loulou*); na conduta promiscua dunha adolescente (*Aos nosos amores*); no rigoroso estudo de caracteres tras a aparente estrutura policial de *Police*; na reflexión sobre a fe, a salvación e o demo desde o punto de vista dun agnóstico en *Baixo o sol de Satán* ou na incidencia que provoca nun adolescente a morte do seu pai no seu derradeiro filme (*O neno*). Deixo para o final *Van Gogh*, posiblemente a súa obra mestra, unha personalísima mirada sobre o torturado pintor holandés –e por extensión sobre o rol do artista no mundo–, centrada nos seus últimos tres meses de vida, que elude os tópicos sobre os seus histéricos ataques de tolemia para presentalo como un personaxe melancólico, sensible e depresivo (unha gran interpretación de Jacques Dutronc).

Maurice Pialat foi un cineasta maior, non só no cinema francés, senón tamén no cinema a secas, cuxo recoñecemento xeral aínda non chegou. Como todo artista intransixente nos seus principios –non só estéticos senón tamén éticos–, a súa obra case nunca se relacionou co éxito comercial. Creo que non é prematuro afirmar que a súa obra, como a de todos os grandes creadores da historia do cinema, vaise axigantar co paso do tempo.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Cartas a Theo,
Vincent Van Gogh.
Adriana Hidalgo, 2022